



**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Estrada de Cedeira Km.1  
15570 Narón (A Coruña)  
Tfno. 881 930 350 Fax 881 930 361  
ies.telleiras@edu.xunta.es  
www.edu.xunta.es/centros/iesastelleiras



**IES As Telleiras**

## ELECCIÓN CONSELLO ESCOLAR 2021/22

### CONSTITUCIÓN DA XUNTA ELECTORAL

De conformidade co establecido na Resolución do 20 de setembro de 2021 da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria (DOG do 29 de setembro), realizarase proximamente neste Centro a renovación do **CONSELLO ESCOLAR** que é o instrumento de participación na vida escolar de todos os sectores da comunidade educativa do IES As Telleiras.

A organización e a supervisión do procedemento de elección dos novos membros do Consello Escolar estará a cargo da **Xunta Electoral** que se constituirá ao efecto, e integrada por:

- O Director ou directora do Centro.
- Un profesor ou profesora.
- Un pai ou nai ou titor legal.
- Un alumno ou alumna.
- Un representante do persoal de administración e servizos

Os catro últimos serán designados por sorteo segundo establece o artigo 30 do Decreto 92/1988, do 28 de abril, redactado conforme ao establecido na disposición adicional primeira do Decreto 324/1996, do 26 de xullo (DOG do 9 de agosto). Dito sorteo, que será público e no que se preverá a designación de membros suplentes, celebrarase neste Centro o **día 28 de outubro, ás 12:10 horas no Salón de actos**.

Aqueles/as membros da comunidade educativa que desexen presentar a súa candidatura para formar parte do novo Consello Escolar deberán seguir as instrucións que figurarán nas distintas **convocatorias** que proximamente faranse públicas pola Xunta Electoral do Centro.

Narón, 26 de outubro de 2021.

A DIRECTORA

María Cristina Alves Ferreira

